

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 22 DE DECEMBRO DE 2023**

**PRESIDENTA:**

**Dona María Sandra Bastos Míguez**

**VOGAIS:**

**Dona María Nava Castro Domínguez  
Dona Marta Fernández-Tapias Núñez  
Don Rafael Domínguez Artime  
Don Jorge Cubela López  
Don José Carlos López Campos  
Dona María Pilar Ramallo Vázquez  
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
Don Jesús Vázquez Almuiña  
Don Carlos López Font  
Don Carlos Gómez Prado  
Dona Ana Laura Iglesias González  
Dona Digna Rosa Rivas Gómez  
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez  
Don Javier Iglesias Mougán  
Dona María Manuela Rodríguez Pumar  
Dona María Ortega Iñarrea**

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 22 de decembro de 2023, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 17 DE NOVEMBRO DE 2023 (Expediente 2023069378)**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 17 de novembro de 2023.

**2. DAR CONTA DA SÉTIMA EDICIÓN DOS CURSOS DE ESPAÑOL PARA PERSOAS INMIGRANTES PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2023 (Expediente 2023010754)**

Dende o Servizo de Cohesión Social e Xuventude elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da sétima convocatoria dos cursos de español para persoas inmigrantes para a preparación do DELE A" para o ano 2023, cuxo contido literal é o seguinte:



**" DATOS DE INTERESE:**

- Bases reguladoras aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2023001559 do 27 de febreiro de 2023
- Publicación BOPPO nº 44 do 3 de marzo de 2023
- Prazo de presentación solicitudes: Do 14 de marzo de 2023 ata o 12 de abril de 2023
- Dotación: dezaoit mil (18.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2313.480.02.
- Solicitudes presentadas á convocatoria: 94
- Formalización do Convenio de Colaboración entre a Deputación e a Universidade de Vigo para a edición da sétima convocatoria dos Cursos de español: 30 de marzo de 2023

En base a normativa vixente que regula a adquisición da nacionalidade española é necesario que as persoas solicitantes, entre outros requisitos, superen a proba DELE (Diploma de Español como Lingua Estranxeira), como mínimo nivel A2.

Esta proba require unha preparación previa e ten un custo económico que dificultan o acceso á nacionalidade española para un determinado sector de poboación, dificultando o seu proceso de integración na provincia como cidadanía de pleno dereito e favorecendo procesos de exclusión social.

É por isto que a Deputación de Pontevedra pon en marcha 3 edicións de Cursos de Español para persoas inmigrantes, ata un máximo de 60 participantes, para a preparación do DELE A2 do marco común europeo de referencia para as linguas expedido polo Instituto Cervantes.

O cursos teñen por obxectivo a preparación maioritariamente práctica das probas (orais, escritas e de comprensión) do exame para obter a certificación do nivel A2 de español do Instituto Cervantes (DELE A2) empregando supostos prácticos, simulacros de exame e o desenvolvemento de destrezas e estratexias para rendibilizar os coñecementos e adaptalos ao tempo de duración da proba.

As persoas destinatarias desta convocatoria son persoas inmigrantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Atoparse en situación regular en España
- Ser maiores de 16 anos
- Estar empadroadas nun concello da provincia de Pontevedra
- Saber ler e escribir
- Ter coñecementos básicos da lingua española (o nivel do curso será o A2 do MCER)
- Non contar cunha dispensa do Ministerio de Xustiza para realizar a proba do DELE A2

Os cursos son integramente subvencionados por la Deputación de Pontevedra, incluído o custe de matrícula do DELE ata un máximo de 18.000 euros, e impartidos por persoal docente do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo.

Con data 10 de maio de 2023, Intervención emite informe favorable (CSV: WU3SGVH6X76oJH1R) sobre a adxudicación de prazas para as tres edicións.

Por Resolución Presidencial núm. 2023003774 do 11 de maio de 2023 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas, admitidas en lista de agarda e excluídas: total de 94 solicitudes, das que 92 foron admitidas, 1 foi excluída por duplicidade e 1 foi excluída por non contar cos requisitos establecidos nas bases



As persoas admitidas foron convocadas para a realización dunha proba de nivel a cargo do centro de Linguas da Universidade de Vigo. Ditas probas celebráronse o 15 de maio, para a edición de Pontevedra e 16 de maio para as dúas edicións de Vigo: 50 persoas superaron a proba, e 1 non tivo que realizala ao estar exenta da súa realización por ter concedida unha dispensa do Ministerio.

As prazas das persoas que non obtiveron o nivel mínimo para a súa realización cubríronse coas persoas que se atopaban en lista de agarda.

Os cursos tiveron lugar nas seguintes localidades e datas:

- Edición 1 (Vigo). Do 22 de maio ao 16 de xuño de 2023, de 10:00 a 12:00 horas
- Edición 2 (Vigo). Do 22 de maio ao 16 de xuño de 2023, de 15:00 a 17:00 horas
- Edición 3 (Pontevedra). Do 19 de xuño ao 10 de xullo de 2023, de 10:00 a 12:30 horas

Á participación nos cursos foi a seguinte:

- No curso de Vigo en horario de mañá foron admitidas 19 persoas, das que asistiron todas.
- No curso de Vigo en horario de tarde foron admitidas 17 persoas, das que asistiron todas.
- No curso de Pontevedra foron admitidas 15 persoas das que asistiron 12.

Participaron nas tres formacións un total de 48 persoas, das que 44 a superaron e tiveron a matrícula do examen financiada pola Deputación.

CONCELLOS	NÚMERO
CANGAS	3
MARIN	4
POIO	2
PONTECALDELAS	1
PONTEVEDRA	7
PORRIÑO	2
VIGO	26
VILANOVA	2
VILABOA	1
TOTAL	48

NACIONALIDADE	NUMERO
BRASIL	16
LIBIA	1
MARRUECOS	14
MOZAMBIQUE	1



NIGERIA	1
RUSIA	2
SENEGAL	7
UCRANIA	5
GHANA	1
TOTAL	48

Os resultados da proba do DELE A2 das 44 persoas que obtiveron a matrícula gratuita foron os seguintes segundo informou o Centro de Linguas o 23 de outubro de 2023:

- 36 persoas foron aptas
- 7 persoas resultaron non aptas
- 1 persoa non se presentou”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

**3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROXECTO HUB DIXITAL PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expediente 2023047633)**

Dende o Servizo de Cohesión Social e Xuventude elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria para selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”, cuxo contido literal é o seguinte:

**“DATOS DE INTERESE:**

1º.- *Aprobación das bases reguladoras para a selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”, foron aprobadas por acordo 5.33095 da Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o pasado día 27 de outubro de 2023.*

2º.- *As bases foron publicadas no BOPPO nº 236 do 11 de decembro de 2023.*

3º.- *Prazo de presentación de solicitudes é do 19 de decembro ao 31 de xaneiro de 2024. A solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica no formulario habilitado ao efecto xunto coa documentación indicada, sen prexuízo da comprobación automática, de mostrar o seu consentimento do NIF, certificado de residencia e certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*

4º.- *As persoas destinatarias son persoas empadroadas e/ou que presten servizos nos concellos da Illa de Arousa, As Neves, Cuntis, Forcarei e Moraña.*



*Poderán participar en calidade de alumnado ou "influencers", que cumpran os seguintes requisitos:*

■ *Alumnado:*

- *Ter nacido antes de 1973. Este requisito de idade non será exigible ás persoas que acrediten ter unha discapacidade e/ou presten servizos de axuda a domicilio e/ou que acrediten ter a condición de persoa coidadora con maiores a cargo.*

■ *Influencers:*

- *Ser maior de 18 anos*

- *Estar empadroad/a nalgún dos concellos participantes.*

*5º.- O obxectivo do programa é a formación e capacitación dixital das persoas incluídas no ámbito subxectivo. Para elo desenvolveranse 7 accións formativas presenciais, de 5 horas de duración cada unha, con 8 participantes como máximo e versarán sobre as seguintes temáticas:*

- 1. Administración electrónica*
- 2. A Sede electrónica da Deputación de Pontevedra*
- 3. A Sede electrónica do meu Concello*
- 4. Sergas, a súa aplicación electrónica e TELEA*
- 5. Uso da banca móbil e as compras electrónicas*
- 6. As redes sociais*
- 7. Como crear o meu vídeo.*

*Ofértanse un máximo de 50 prazas por concello participante.*

*Para impartir a formación será necesario un mínimo de 4 participantes por actividade. A formación incluírá un mínimo de 20 horas por concello.*

*6º.- Os criterios de selección do alumnado son os seguintes:*

- Persoas que vivan soas*
- Persoas con discapacidade*
- Persoas coidadoras ou que presten servizos de axuda a domicilio no concello*
- Orde de presentación de solicitudes*

*7º.- O criterios de selección dos influencers:*

- Coñecementos elementais no uso dos dispositivos dixitais*
- Capacidade de comunicación*
- Orixinalidade*



- Motivación e posta en escena

Para a selección deberán remitir un vídeo en formato USB que será valorado por unha comisión de valoración integrada por representantes do Concello e da Deputación de Pontevedra.

8º.- A impartición da formación comezará no mes de febreiro e extenderase ata o 30 de maio”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. **DAR CONTA DAS PREMIADAS DA VIII EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTÍZ Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER (Expediente 2023058518)**

A Secretaria da Comisión elabora un informe con data 19 de decembro de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das persoas premiadas na oitava edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster, cuxo contido literal é o seguinte:

*"A Deputación de Pontevedra, consciente de que a educación é un dos piares fundamentais para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, quere seguir colaborando coa universidade para promover accións que fomenten a igualdade e a transversalidade da perspectiva de xénero no ámbito universitario*

*Coa oitava edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster, a Deputación de Pontevedra quere sensibilizar o alumnado da Universidade de Vigo sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentar a súa investigación e estudo, e premiar os traballos de fin de máster e de fin de grao que incorporen a perspectiva de xénero. Ao mesmo tempo, quérese fomentar a incorporación da perspectiva de xénero na docencia e promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como elemento de interese na investigación e no estudo dentro da universidade.*

*Por Resolución Presidencial núm. 2023007543 de data 6 de outubro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras da VIII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 196 de 10 de outubro de 2023.*

*A esta convocatoria presentáronse un total de dúas solicitudes para os Traballos de Fin de Máster e dúas solicitudes para os Traballos de Fin de Grado, cumprindo todas elas as bases da convocatoria.*

*Tal e como se recolle na base décimo primeira das citadas bases reguladoras da convocatoria, os traballos gañadores foron seleccionados por un xurado, nomeado para estes efectos por resolución presidencial, e está composto por:*

- *Presidenta: a xefa do Servizo de Igualdade da Deputación ou a persoa en quen delegue*
- *Vogais: dúas persoas pertencentes ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo*



e unha persoa funcionaria da Deputación de Pontevedra.

- *Secretaria: a técnica do Servizo de Igualdade, que terá voz e voto*

Por Resolución Presidencial núm. 2023009259 de data 4 de decembro de 2023, désígnanse as persoas integrantes do xurado da VIII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz.

O 19 de decembro de 2023, reúnen-se na sala de Comisións do Pazo Provincial, as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da VIII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: María M. Álvarez Lires, didáctica das ciencias experimentais na Facultade das Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo, campus de Pontevedra; Silvia Pérez Freire, profesora na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo, campus Pontevedra; Marta Caldas Fariñas, traballadora social do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

Tras a valoración de cada un dos traballos presentados a esta convocatoria e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base decimo segunda das bases reguladoras da VIII edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, as persoas integrantes do xurado, tal e como se recolle na acta do xurado da VIII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, acordase a concesión dos seguintes premios:

#### **TRABALLOS DE FIN DE GRADO**

<b>Código expediente</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>TÍTULO</b>	<b>PREMIO</b>
2023065331	Carmen M <sup>a</sup> Caeiro Rodríguez	76.911.516-E	Introducción da axenda 2030 con perspectiva de xénero na educación primaria: a assemblea como recurso	1.000 €
2023065546	M <sup>a</sup> Luisa Silvela Costoya	33.215.395-Z	O corpo como lugar de resiliencia	1.000 €

#### **TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER**

<b>Código expediente</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>TÍTULO</b>	<b>PREMIO</b>
2023064477	Cristina Pérez Carmuega	77.421.911-R	Xogos e xoguetes tecnocientíficos na educación infantil: análise dende unha perspectiva de xénero	1.000 €
2023064655	Raquel Álvarez Martínez	77.012.424-Y	Mulleres, arte e literatura: 3 vértices posibles dunha intervención didáctica promotora do desenvolvemento sostible na educación infantil	1.000 €

Estes importes están suxeitos á correspondente retención do IRPF segundo a lexislación vixente”.



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*

